A adopción das competencias básicas como finalidades formativas da etapa leva a un modelo de aprendizaxe activo. A **metodoloxía didáctica** neste etapa será nomeadamente **activa e participativa**, favorecendo o **traballo individual e o cooperativo** do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Todos estes **principios teñen como finalidade** que os alumnos/as sexan, gradualmente, capaces de **aprender de forma autónoma** nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesor/a a partir de materiais de traballo (o propio libro de texto e os materiais proporcionados polo Departamento). Dáselle **prioridade á comprensión dos contidos** que se traballan fronte á **súa aprendizaxe mecánica**, memorización comprensiva. Propíciáanse **oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos**, de modo que o alumnado poida comprobar o **interese e a utilidade do aprendido**. Foméntase a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumnado poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

En conclusión, a materia de Xeografía e Historia nos permite desenvolver **metodoloxías activas**, nas que á **realización de tarefas significativas para o alumnado**, a **resolución de problemas** e a **aprendizaxe por proxectos** estean presentes; empregando diferentes tipos de materiais escritos, audiovisuais, e integrando as tecnoloxías da información e da comunicación na nosa práctica docente.

5.1 METODOLOXÍA EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA: ENSEÑANZA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL

Ante a incerteza da situación sanitaria actual, o profesorado ten por diante un importante reto que é a **transformar unha metodoloxía** pensada para unha **aprendizaxe presencial sen distancias de seguridade** (e outras medidas de prevención ás que o alumnado non está acostumado nas aulas); **nunha metodoloxía** acorde cos principios expostos no apartado anterior (é dicir, cunha aprendizaxe competencial e cooperativa, que favoreza a autonomía do/a alumno/a) e ao mesmo tempo, **que sexa o suficientemente flexible para adaptarse á unha ensinanza non presencial ou semipresencial en calquera momento do curso**, que pode afectar a todo o alumnado ou a un reducido número dos/as mesmos/as.

Por todo isto, e tendo en conta a experiencia acumulada do curso anterior na ensinanza non presencial, o profesorado do Departamento aposta por incorporar algúns dos **principios metodolóxicos da denominada pedagogía inversa** (*flipped classroom*) como son:

1. Preparación por parte do alumnado das **leccións fóra da clase**, accedendo en casa aos contidos das materias do Departamento mediante a **aula virtual** do centro (ver, resumir, esquematizar, realizar test, etc.. sobre contidos teóricos), para posteriormente, na aula **ordinaria**,

facen aquelas tarefas máis complexas destinadas a aplicar os contidos teóricos nas que o alumnado precise dunha maior axuda por parte do/a docente (exercicios prácticos, investigacións, presentacións,..).

2. O uso das TIC adquire unha maior relevancia, sobre todo coas aplicacións web que facilitan poder compartir información en diversos formatos e nalgúns casos interactuar cos/as usuarios/as (aula virtual, youtube, edmodo, Kahoot, Vimeo, Google forms, Educaplay, etc..).

A experiencia acumulada en cursos anteriores entre o profesorado e o alumnado no emprego da **aula virtual**, e nunha gran variedade de recursos TIC, resulta clave para facilitar a implementación desta metodoloxía. Outro aspecto positivo é que, en caso necesario, esta metodoloxía **facilita a adaptación** do ensino presencial **ás modalidades semipresencial e non presencial**. Non obstante, tamén existen **dificultades** importantes como a necesidade de reducir a **fenda dixital** entre o alumnado e lograr a **súa implicación** para traballar previamente as leccións na casa.

No caso de que finalmente, por motivos organizativos do centro ou porque a situación sanitaria o requirise, se tivera que desenvolver a actividade lectiva de forma semipresencial ou non presencial o Departamento, a maiores deste enfoque metodolóxico, adoptaría as seguintes **medidas específicas**:

MODALIDADE SEMIPRESENCIAL

- A redución do número de sesións presenciais faría necesaria o **incremento de material teórico explicativo dispoñible na aula virtual**, especialmente audiovisual, o obxectivo é que o alumnado poida aproveitar ao máximo a sesións presenciais para resolver dúbidas e traballar a parte práctica da materia (exercicios, investigacións, proxectos, ..).

- **Adaptación** da extensión das **tarefas** como consecuencia do menor tempo dispoñible do alumnado no centro para evitar sobrecargalos de traballo na casa.

MODALIDADE NON PRESENCIAL

- A sesións presenciais serían substituídas por **videoconferencias**, tal e como se fixo no curso 19-20 en todas as materias, polo que a maioría do alumnado está moi familiarizado co seu funcionamento.

- Igualmente sería necesario o **incremento de material teórico explicativo dispoñible na aula virtual**, pero neste caso a **adaptación na extensión e o número de tarefas** e probas avaliáveis debe ser moito maior dado que a sesións presenciais non son equiparables as realizadas on-line.

- Loxicamente, as probas e tarefas estarán centradas unicamente nas **aprendizaxes imprescindibles** para a adquisición das competencias clave (a selección das mesmas está recollida no punto 4 desta PD).

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

6.1 RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS:

- Libros de texto:

1º ESO: *Xeografía e Historia*. Editorial. Anaya 2015

2º ESO: *Xeografía e Historia*, serie Descubre, de editorial Santillana, 2016.

3º ESO: *Xeografía e Historia*, serie Descubre, de editorial Santillana, 2015.

4º ESO: *Historia*, editorial Vicens Vives, 2016.

- Fondos da biblioteca do centro e do Departamento de Xeografía e Historia:

Constituído por monografías, atlas e dicionarios históricos para que o alumnado poida empregar nas investigacións escolares; obras de divulgación e ficción para actividades de animación á lectura; ademais de materiais elaborados polos profesores do Departamento adaptados de obras de referencia ou compendios documentais.

6.2 FUNCIONAMENTO DA AULA VIRTUAL E OUTROS RECURSOS TIC

Tal e como foi exposto no apartado anterior (ver punto 5 da PD), **a aula virtual** ten un papel crucial ao funcionar como **extensión da propia aula física**, xa que nela o alumnado non só ten dispoñible a **teoría** (presentacións, apuntes, vídeos, ..) e a **práctica** (exercicios, investigacións, proxectos, ..) das distintas UD; senón que tamén funciona como espazo de intercambio e comunicación coa **entrega de tarefas** e a **exposición de proxectos** e investigacións.


En relación ao **resto de recursos TIC**, ademais dos dispoñibles no propio centro que conta con dúas aulas de informática e aulas Abalar en 1º de ESO. O profesorado do Departamento traballa habitualmente cunha gran variedade de recursos, especialmente con aqueles que ofrecen amplas posibilidades no ámbito das CC.SS. Dende os tradicionais programas para facer presentacións tipo Power Point ata as aplicacións máis modernas como: Genially, Canva,..; ademais de outras moitas con amplas posibilidades para traballar a ubicación espacial e temporal -Dipity, Timeline, Geocron, Google Maps,...- a organización de ideas -Cmap tools e Giffly,...- cuestionarios -Google forms, Kahoot,...- exercicios interactivos -Educaplay, DeckToys, Keynote ...-, e vídeos -Edpuzzle, Pontow, etc.

Co obxectivo de garantir o bo funcionamento destes recursos, ao inicio deste curso os/as titores entregarán ao alumnado as claves e instrucións para entrar na aula virtual e verificará os recursos informáticos dispoñibles cos que conta o alumnado da súa titoría. O profesorado do Departamento colaborará na medida do posible, resolvendo dúbidas sobre a aula virtual entre o alumnado e advertindo aos/as titores/as sobre posibles problemas derivadas da **fenda dixital**.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

7.1 Criterios de avaliación por materia:

Xeografía e Historia de 2º de ESO:




GRUPO DE EA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
CSC	- Traballo de investigación. - Rúbrica XH_R1_CSC_TG_1	20%
CMCCT	- Probas escritas.	5%
CCEC	- Probas escritas. - Traballo de investigación. (Imaxes, obras de arte e textos literarios)	10%
CCL_EE	- Probas escritas. - Traballo de investigación. - Rúbrica XH_R2_CCL_EE_1	20%
CCL_CE	- Probas escritas.	20%
CCL_EO	- Exposicións orais - Rúbrica XH_R3_CCL_EO_1	5%
CCL_CO	- Probas escritas. Cuestionario sobre documentais, películas ou podcast.	5%
CAA	- Revisión do caderno. - Registro de observacións. - Rúbrica: XH_R4_CAA_1 - Rúbrica: XH_R4_CAA_2	10%
CD	- Traballo de investigación. - Rúbrica XH_R5_CD	5%
Cualificación total		100%

REPARTO DA NOTA POR INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN

<p>PROBAS ESCRITAS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cuestionarios (CLL_CO) de documentais, películas ou podcast - Probas de lectura e/ou comentarios (CLL_EE) de textos históricos, obras de arte, gráficos, mapas, etc. - Exames 	7 puntos.
<p>INVESTIGACIÓNS</p> <p>Traballos de investigación individuais ou en grupo (CLL_EE; CLL_TG; CD).</p> <p>Rúbricas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - XH_R2_CCL_EE - XH_R1_CSC_TG - XH_R5_CD 	2 puntos.
<p>REXISTRO DE OBSERVACIÓNS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Revisión do caderno de clase. - Corrección de actividades e participación en coloquios. - Intervencións e reflexións do alumnado sobre a materia. <p>Rúbrica XH_R4_CAA_1</p>	1 punto.

Xeografía e Historia de 4º de ESO:



GRUPO DE EA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
CSC	- Probas escritas. -Actividades de investigación. - Rúbrica XH_R1_CSC_TG	15%
CMCCT	- Probas escritas. - Actividade de comentario. (Mapas e gráficas).	5%
CCEC	- Probas escritas. - Actividade de comentario. (Imaxes, obras de arte e textos literarios) -Rúbrica XH_R5_CCEC	5%
CCL_EE	- Probas escritas. - Rúbrica XH_R2_CCL_EE	20%
CCL_CE	- Probas escritas.	20%
CCL_EO	-Exposición oral sobre a Actividade de investigación -Rúbrica XH_R3_CCL_EO	5%
CCL_CO	- Cuestionario película-documental -Rúbrica XH_R2_CCL_CO	5%
CAA	- Rexistro de observacións. - Rúbrica XH_R4_CAA	10%
CD	- Traballo de investigación. - Rúbrica XH_R5_CD	10%
CSIEE	- Traballo de investigación.	5%
Cualificación total		100%

REPARTO DA NOTA POR INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN

PROBAS ESCRITAS - Cuestionarios (CLL_CO) de documentais, películas ou podcast - Comentarios (CLL_EE) de textos históricos, obras de arte, gráficos, mapas, etc, - Exames.	7 puntos.
INVESTIGACIONES Traballos de investigación individuais ou en grupo (CLL_EE; CLL_TG; CD). Rúbricas: - XH_R2_CCL_EE - XH_R1_CSC_TG - XH_R5_CD	2,5 puntos.
REXISTRO DE OBSERVACIONES - Corrección de actividades e participación en coloquios. - Intervencións e reflexións do alumnado sobre a materia. Rúbrica XH_R4_CAA_1	0,5 punto.

7.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS:

AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso.
- **A nota da avaliación trimestral** é resultado da **media ponderada** das probas escritas, orais, investigacións escolares e o resto de actividades avaliadas realizadas ao longo do trimestre que se especifican no apartado anterior, **criterios de cualificación por materias**.

Cálculo da nota trimestral por instrumentos da avaliación:

X^a e H^a_2^oESO: 70% probas escritas + 20% investigacións + 10% rexistro de observacións.

X^a e H^a_4^oESO: 70% probas escritas + 25% investigacións + 5% rexistro de observacións.

- Para aprobar a materia é necesario obter **avaliación positiva** (5 ou máis) **na nota da avaliación trimestral**, **redondeando** cara o enteiro superior **a partir de 0,6** sempre que a media das probas escritas sexa superior a 3.

AVALIACIÓN FINAL

- **A nota da avaliación final** é resultado da **media aritmética** das tres avaliacións do curso (en caso de ter unha ou varias avaliacións suspensas, para facer a media tomárase a nota máis alta das probas de recuperación).
- Para aprobar a materia é necesario obter **avaliación positiva** (5 ou máis) **na nota da avaliación final ordinaria**. En canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións trimestrais.

PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN

Avaliación trimestral

- No caso de ter suspenso **un trimestre**, o alumnado terá oportunidade de poder recuperar a materia cunha **proba escrita de recuperación** sobre os contidos impartidos. Esta proba realizarase ao final do trimestre ou o inicio do seguinte, a excepción do último que debe realizarse antes da avaliación do terceiro trimestre.

Avaliación final

- **Ao final do curso**, o alumnado coa materia suspensa terá unha nova oportunidade para aprobar a materia mediante **unha proba de recuperación** sobre os contidos do trimestre ou trimestres suspensos. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente para o vindeiro curso. En canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións trimestrais.

INCIDENCIAS ESPECIAIS

- Copiar nun exame empregando calquera método, suporá a anulación do feito ata ese momento.
- Naqueles casos nos que un alumno/a non poida asistir a realización dunha proba ou a entrega dun traballo por causas maiores (accidente, cita legal, enfermidade,...) deberá aportar o xustificante correspondente para poder realizar a proba ou entregar un traballo fóra de prazo.

7.3 RUBRICAS:

RÚBRICA XH_R1_CSC_TG

XH_R1_CSC_TG					
	NIVEL 0	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	TOTAL
RESPECTO E TOLERANCIA	Ás veces non escoita ou non ten en conta as opinións dos demais membros do grupo.	Escoita e ten en conta as opinións dos demais membros do grupo. Non amosa as súas opinións.	Escoita e ten en conta as opinións dos demais. Amosa as súas opinións con respecto. Nunca trata de concretar ideas conxuntas.	Escoita e ten en conta as opinións dos demais. Amosa as súas opinións con respecto. Ás veces trata de concretar ideas conxuntas.	
ORGANIZACIÓN E REPARTO DE TAREFAS	Nunca se implica na organización e reparto das tarefas	Ás veces colabora na organización e reparto de tarefas.	Colabora na organización e reparto de tarefas pero non de forma xusta e desinteresada.	Case sempre colabora nunha organización e reparto de tarefas xusta e equilibrada.	
RESPONSABILIDADE	Non traballa case nunca, sen importarlle que afecte aos demais.	Case sempre traballa coma se se tratase dunha tarefa individual, sen ter en conta a responsabilidade do traballo en grupo.	En ocasións traballa coma se se tratase dunha tarefa individual, sen ter en conta a responsabilidade do traballo en grupo.	Sempre traballa tendo en conta cal é a súa responsabilidade e a dos demais membros do grupo.	
APORTACIÓN PERSOAL	Tarda en entregar as tarefas ou algunhas non as entrega.	Cumpre ben cos prazos establecidos.	Cumpre ben cos prazos establecidos e entrega os traballos cun nivel aceptable.	Cumpre ben cos prazos establecidos, entrega a súa parte cun nivel aceptable e axuda, se é preciso, a outros membros do grupo.	
OBSERVACIÓNS:					
GRAO MÍNIMO: 6/12					

- XH_R2_CCL_EE

XH_R2_CCL_EE					
	NIVEL 0	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	TOTAL
USO DA LINGUAXE - sintaxe - léxico - rexistro adecuado	Emprega estruturas e vocabulario repetitivo e/ou incorrectamente. Rexistro totalmente inadecuado.	Escasa variedade no uso de estruturas sintácticas e vocabulario básico, en ocasións repetitivo. Usa un rexistro inadecuado.	Emprega algunhas estruturas sintácticas variadas e vocabulario axeitado. Fai uso en gran parte dun rexistro adecuado.	Emprega diferentes estruturas sintácticas e vocabulario variado e axeitado. Fai uso dun rexistro adecuado.	
PRESENTACIÓN En prazo, plantilla e marxes, organización en párrafos, respeta condicións marcadas... (CAA, CCEC)	Entrega fóra de prazo e non segue ningunha das indicacións requeridas.	Non cumpre moitas das condicións requiridas. Fai unha presentación pobre e non organiza ben a información.	Cumpre a maioría das condicións requiridas. Fai unha presentación axeitada, organizando a información dun xeito aceptable.	Presenta o traballo no tempo e nas condicións requiridas. Organiza a información en parágrafos ben delimitados.	
ADECUACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS - coherencia - cohesión (CAA, CSIEE)	Non expón as ideas principais nin os detalles.	Expón algunhas das ideas principais e aporta poucos detalles do tema.	Expón a maioría das ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando algúns detalles relevantes do tema.	Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	
INICIATIVA e RECURSOS - orixinalidade - boa utilización das fontes de información - apoio visual - planificación (CAA, CSIEE,CCEC,CD)	Non aporta ningunha información nin reflexión complementaria ou a copia íntegramente da fonte sen revisala.	Apréciase certa búsqueda de información, pero non está correctamente seleccionada e nalgúns casos foi copiada directamente.	Denota certa búsqueda e selección de información e apoio visual. Achega algunha información adicional e/ou amosa planificación.	Denota búsqueda e selección correcta de información e do apoio visual. Achega algúns detalles orixinais e amosa unha boa planificación.	
OBSERVACIÓNS: GRAO MÍNIMO : 6/12					/12

- XH_R3_CCL_EO

XH_R3_CCL_EO					
	NIVEL 0	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	TOTAL
USO DA LINGUAXE - sintaxe - léxico - rexistro adecuado	Emprega estruturas e vocabulario repetitivo e/ou incorrectamente. Rexistro totalmente inadecuado.	Escasa variedade no uso de estruturas sintácticas e vocabulario básico, en ocasións repetitivo. Usa un rexistro inadecuado.	Emprega algunhas estruturas sintácticas variadas e vocabulario axeitado. Intenta facer uso en gran parte dun rexistro adecuado.	Emprega diferentes estruturas sintácticas e vocabulario variado e axeitado. Fai uso dun rexistro adecuado.	
VOZ E LINGUAXE NON VERBAL - dicción clara - pausas - entonación - expresión corporal	Fala moi rápido ou apenas fala. Non vocaliza ben nin trata de repetir cando non se lle entende.	Fala bastante rápido e non vocaliza de todo ben. Nalgunhas ocasións fai repeticións para ser comprendido.	Pronuncia con bastante claridade e a un ritmo comprensible. En ocasións reformula o seu discurso cando non se comprende.	Pronuncia pausadamente con claridade e repetindo ou reformulando cando non se lle comprende., mantendo unha expresión corporal axeitada.	
ADECUACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS - coherencia - cohesión (CAA, CSIEE)	Non expón as ideas principais nin os detalles.	Expón algunhas das ideas principais e aporta poucos detalles do tema.	Expón a maioría das ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando algúns detalles relevantes do tema.	Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	
INICIATIVA E RECURSOS - orixinalidade - boa utilización das fontes de información - apoio visual - planificación (CAA, CSIEE,CCEC,CD)	Non aporta ningunha información nin reflexión complementaria ou a copia íntegramente da fonte sen revisala.	Apréciase certa búsqueda de información, pero non está correctamente seleccionada e nalgúns casos foi copiada directamente.	Denota certa búsqueda e selección de información e apoio visual. Achega algunha información adicional e/ou amosa planificación.	Denota búsqueda e selección correcta de información e do apoio visual. Achega detalles orixinais e amosa unha boa planificación.	
OBSERVACIÓNS: GRAO MÍNIMO : 6/12					/12

- XH_R4_CAA_1

XH_R4_CAA_1					
	NIVEL 0	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	TOTAL
Seleccionar a información (Traballos, Investigacións)	Copia literalmente a información sen traballar na súa selección.	Discrimina información útil, pero non a traballa criticamente.	Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica pero non a relaciona con outros apartados.	Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica e relaciónaa con outros apartados.	
Esquematzar e organizar (Caderno: esquemas)	Ten dificultades para organizar e xerarquizar a información.	Parte da información non está ben organizada e xerarquizada e omite algún dato.	Organiza e xerarquiza con bastante corrección pero omitindo algún dato.	Dálle forma ao esquema, recoñece os contidos básicos e organizaos e xerarquizaos de forma axeitada.	
Aplicar coñecementos previos (Exame/caderno)	Apenas aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.	Ás veces aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.	Frecuentemente aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.	Aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos.	
-Autoavaliarse -Adquirir responsabilidades e	-Non é quen de avaliar o traballo propio ou non	-Avalía o traballo propio a través de xuízos simples e a	-Avalía criticamente o traballo propio mais ás veces non	-Avalía criticamente o traballo propio.	

compromisos persoais, sendo perserverante na aprendizaxe (Observación)	mostra interese en facelo. -Non manifesta interese en mellorar a súa aprendizaxe .	menudo non reconece erros. -Amosa interese en mellorar as súas propias capacidades de aprendizaxe, mais non persevera niso.	recoñece erros. -É perseverante na súa responsabilidade de mellorar algunha das súas capacidades de aprendizaxe e manifesta interese nalgúns aspectos da súa aprendizaxe.	-Potencia as súas capacidades de aprendizaxe e comprométese en superar as deficiencias con perseverancia e manifesta interese e curiosidade para ampliar os seus coñecementos.	
OBSERVACIÓNS: GRAO MÍNIMO: 6/12					

- XH_R5_CAA_2

XH_R4_CAA_2					
CADERNO					

	NIVEL 0	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	TOTAL
--	----------------	----------------	----------------	----------------	--------------

PRESENTACIÓN Ortografía e caligrafía	25 %	- Escritura clara e lexible sen faltas de ortografía salientables.	- Escritura clara pero o texto presenta algunhas faltas de ortografía leves.	- Escritura non moi coidada, presenta algunhas faltas de ortografía significativas.	- Escritura nada coidada, ás veces ilexible. O texto presenta moitas faltas de ortografía.	
CONTENIDO Realización de tarefas	25 %	Ten todas as tarefas feitas en clase e na casa e están correxidas	Ten a maioría das tarefas feitas en clase e na casa e a maioría están correxidas.	Ten as principais tarefas feitas en clase pero faltan algunha das que tiña que ter feito na casas. Non todas están correxidas ou non o están correctamente.	A mioría das tarefas están sen facer, tampouco corrixe os exercicios.	
ORGANIZACIÓN Organización da teoría. Organización da práctica.	50 %	- O texto está ben epigrafiado e subliñado (por temas e apartados). Esquemas completos. - Indica datas e as actividades están no orden correcto.	- Faltan algúns títulos de temas e apartados e algún esquema está incompleto ou con erros. - Non sempre indica as datas e as actividades non están todas no orden correcto.	- Faltan bastantes títulos de temas e apartados e algún esquema. - Case nunca pon a data e as actividades non están correctamente ordenadas ou indicadas.	- Non ten case epígrafes nin subliña o texto. Faltan a maioría dos esquemas. - Non indica as datas e as actividades non están ben ordenadas.	

OBSERVACIÓNS:
GRAO MÍNIMO: 5/10

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Dende o Departamento de Xeografía e Historia, os indicadores de logro que nos parecen máis significativos para avaliar o proceso de ensino e a nosa práctica docente son os seguintes:

DIVERSIDADE

	Indicadores de logro da atención á diversidade	1	2	3	4
1	Segundo as características de cada alumno e alumna, esíxense diferentes resultados				
2	Por norma, fanse explicacións xerais				
3	Ofrécese a cada un de forma individual a explicación que precisa				
4	Téñense en conta a diversidade á hora de facer a programación				
5	Tanto nas actividades como nos exames, realízanse uns exercicios máis sinxelos ou máis complicados que outros				
6	Utilízanse diferentes ferramentas de avaliación				
7	Tense en conta a diversidade á hora de organizar a clase, dividir aos alumnos e alumnas en grupos, etc				
8	Os temas que trátanse teñen interese para os alumnos				
9	Para coñecer as características da clase fanse unha proba inicial				
10	Ler os informes dos anos anteriores				

ACTIVIDADES NA AULA

	Indicadores de logro das actividades na aula	1	2	3	4
1	Os alumnos traballan da seguinte maneira nas clases				
	De forma individual				
	Por parellas				
	En pequenos grupos				

	En grandes grupos				
2	Os exercicios que proponse son do seguinte tipo				
	Pechados , dirixidos do libro, etc.				
	Abertos, procedimentais, diversos, a través de proxectos				
	Facilitan o traballo cooperativo				
3	A metodoloxía que se aplica				
	Empréganse ferramentas TIC				
	Proponse actividades para facilitar o traballo autónomo				

AVALIACIÓN

	Indicadores de logro da avaliación	1	2	3	4
1	Ao inicio de cada unidade os alumnos teñen claro os obxectivos, as competencias, as actividades, cómo vamos a avaliar				
2	Utilízanse diferentes tipos de probas:				
	-Exames escritos				
	Exames orais				
	Traballo individual				
	Traballo en equipo				
3	Terminada a unidade ou proxecto, avaliase a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe.				
	De maneira individual				
	En grupo, no Departamento				
	Cos alumnos				
4	Entre avaliacións, programanse un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polos				

1. Case nada 2. Pouco 3. Bastante 4. Moito

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o **plan de recuperación**. Este consistirá na elaboración dun boletín baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas (o boletín consta de dúas partes: unha sobre os contidos da parte de Xeografía e outro da parte de Historia). Ademais disto, o alumnado vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas e exercicios recollidos no boletín.

- **As actividades do boletín suporán o 50% da nota.** No caso de non facer ou non entregar os boletíns o 100% da nota recaerá nas probas escritas.

- No caso de entregar o boletín, **o 50% restante da nota recaerá na proba escrita ou no promedio delas.** Os/as alumnos/as teñen a posibilidade de facer unha única proba en abril ou ben facer dous exames parciais, un en febreiro e outro en abril.

O cálculo da nota da materia pendente será: a) nota do boletín de actividades + b) nota da proba escrita ou promedio delas./ 2

No caso de non aprobar a materia co plan de recuperación, o alumno ou alumna terá unha **convotaria en xuño** na que poderá realizar un exame global de todos os contidos da materia.

Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente para o curso seguinte. En canto ao **redondeo**, **aplicaráselle o establecido para as avaliacións trimestrais.**

10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.

Non é de aplicación.

11. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Nas primeiras semanas do curso realizarase unha **proba inicial** para ver as **carencias ou dificultades** que pode presentar ao alumnado. En segundo lugar, a **xunta avaliadora** reunirse para

realizar **unha avaliación docente individualizada** por parte de todo o profesorado implicado.

A partir da información obtida nesa reunión e nos propios **informes individualizados** do curso anterior, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as **competencias e aprendizaxes imprescindibles** non asimilados no curso anterior mediante unha batería de actividades que se desenvolverán ao longo do mes de outubro.

No caso do alumnado con carencias significativas, que precise de medidas específicas, o profesorado do Departamento desenvolverá un **plan de reforzo individualizado**, deseñado en coordinación co propio Departamento de Orientación, con medidas metodolóxicas e organizativas que permitan acadar as competencias e aprendizaxes imprescindibles.

A continuación, dispoñemos unha proba escrita de cada curso para a realización da avaliación inicial.

IES AS BIZOCAS		
1º ESO		SETEMBRO
PROBA DE AVALACIÓN INICIAL		
NOME	APELIDOS	Nº

1. Le o texto, ponlle un título e intenta resumilo en tres ou catro liñas.
A meirande parte das mulleres inmigrantes que residen en España proceden de países latinoamericanos e da Europa do Leste, Filipinas e Marrocos.
Moitas delas traballan no servizo doméstico, onde realizan xornadas laborais longas e cobran un salario baixo.
De maneira xeral, estas mulleres caracterízanse por teren unha gran capacidade de aforro. Aínda que o seu soldo é mínimo, este é enviado ao lugar de orixe para pagar a viaxe e a estancia en España dos seus familiares, tamén para manter os seus fillos, mercar unha vivenda, etc.

2. Escribe cinco países europeos, tres africanos, tres asiáticos e tres americanos.

3. Sitúa estes traballos na columna correcta:

Granxeiro/a, enfermeiro/a, policía, mariscador/a, fabricante de mobles, profesor/a, construtor/a, coidador/a, mineiro/a e gandeiro/a.

SECTOR PRIMARIO	SECTOR SECUNDARIO	SECTOR TERCIARIO
-	-	-
-	-	-
-	-	-

- Movemento de translación:

- Desenvolvemento sostible:

- U.E.:

-Climograma:

6. Sitúa no mapa de España as Comunidades de Castela a Mancha, Aragón, Murcia, Cantabria e a Rioxa. Sitúa tamén no mapa os catro puntos cardinais.



IES AS BIZOCAS		
2º ESO		SETEMBRO
PROBA DE AVALACIÓN INICIAL		
NOME	APELIDOS	Nº

1. Le o texto, ponlle un título e intenta resumilo en catro ou cinco liñas.

O imaxinario colectivo visualiza os viquingos como monstros louros e musculosos sedentos de sangue e riquezas e, como todos os mitos, ten algo de verdade, pero non era de todo así. Por exemplo, a súa tradicional representación coa cabeza ben protexida por intimidantes cascos de guerra con dous cornos é historicamente falsa. A realidade é que está comprobado grazas ás escavacións arqueolóxicas que os seus helmets non levaban cornos, trátase tan só dun construto para demonizalos. Un de tantos.

Os principais responsábeis desa imaxe son as crónicas redactadas por cregos e relixiosos, que pese a ser a principal fonte para reconstruír a presenza viquinga na Galiza, caían no sobrenatural ou na falta de rigor cos feitos debido á carraxe que lles producía a falta de respecto que tiñan con igrexas, mosteiros ou conventos eses “bárbaros” pagáns.

Tamén coñecidos como *normandos*, *ascomanni* –alemáns–, *lochlainach* –habitantes do País dos Lagos–, ou incluso coa terminoloxía árabe *madjus* –infieis–, o seu interese na Galiza vén demostrar que, lonxe do illamento e da marxinalidade da que fala a historiografía tradicional española, a galega era unha zona avanzada e próspera, ben comunicada por vía marítima coas rutas comerciais que percorrían a Europa atlántica, mediterránea e África.

Porén, e ao contrario do que sucedeu nas illas británicas ou en territorio francés, estudosos como o doutor José Sánchez Pardo apuntan que na Galiza os viquingos non conseguiron establecerse ou acadar relevancia político-militar, debido fundamentalmente á gran resistencia que atoparon entre a poboación. Aínda así, entre os séculos IX e XI Galiza foi a área peninsular que máis sufriu a furia viquinga na súa procura de botín e rescates.

Fonte: Sermos Galiza. *A pegada viquinga na Galiza*. 2016.

2. Relaciona estes elementos do relevo co seu continente ou subcontinente correspondete.

- a) Montes Zagros e cordilleira do Himalaia
- b) Os Alpes, os Apeninos, os Cárpatos e o Caucaso.
- c) Cordilleira dos Andes e Aconcagua.
- d) Cordilleira do Atlas, Macizo de Tibesti e Meseta de Katanga

3. Nomea tres cordilleiras e catro ríos situados na Península Ibérica.

4. Explica o significado dos seguintes termos:

- Escala gráfica:

- Oroxénese:

- Neolítico

- Civilización fluvial:

- Polis:

5. Ordena cronologicamente os seguintes acontecementos históricos (sendo 1 o máis antigo e 8 o máis recente):

__ Neolítico.

__ Paleolítico.

__ Época clásica grega.

__ Descubrimento da metalurxia do cobre

__ Aparición da escritura

__ Nacemento das *Polis* gregas.

__ Inicio do Imperio Romano

__ Caída do Imperio Romano occidental.

6. Realiza un comentario de todo o que che suxire a seguinte fotografía (etapa da historia, civilización a que a asocias, características, utilidade,..)



IES AS BIZOCAS		
3º ESO		SETEMBRO
PROBA DE AVALACIÓN INICIAL		
NOME	APELIDOS	Nº

1. Le o texto, ponlle un título e intenta resumilo en tres ou catro liñas.

Na Idade Media surxíu un comercio do viño que traficaba con cantidades moi cativas polas dificultades de transporte e a escaseza de compradores que dispuxen de capacidade adquisitiva. Este trasfego víase obstaculizado polo dereito de paso que exercían algúns nobres e polo proteccionismo bastante estricto dos centros produtores de viño. Poren, o limitado trasfego comercial permitía a certos sectores privilexiados do clero ou da nobreza beber algún viño distinto do que se cultivaba na súa zona. O seu privilexio era de cantidade: podían beber maior cantidade de viño que os campesiños, pero non de maneira irrestricta no caso do clero regular posto que as ordes adoitaban ter dosificada a súa inxesta polas prescricións que establecía a súa regra ou ben o abade. (...) Era ademais unha prerrogativa que conlevaba unha dimensión cualitativa: implicaba variedade e calidade; ó posuír máis terras, xeralmente en lotes dispersos, podían obter distintos tipos de viños e adquirir e probar algún que outro mosto de maior prestixio provinte doutra comarca. Pero o viño consumían non só os estamentos privilexiados, laico eclesiástico, senón tamén os labregos, aínda que non todos nin tampouco sempre.

Fonte: La Voz de Galicia. *Abades e fidalgos*. 2002

2. Cales eran os grupos sociais privilexiados na Idade Media? E os non privilexiados?
Que diferenza había entre os campesiños libres e os servos?

3. Indica a opción correcta:

a. **Entre que datas se desenvolveu a Idade Media?**

- 345-1516
- 564-1453
- 476-1492

b. **Que foi o feudalismo?**

- Un sistema político, económico e social característico da Idade Media.
- Un método de construír feudos.
- Un sistema de relacións persoais.

c. **O reis medievais puideron exercer plenamente a súa autoridade?**

- Si, porque eran os máis poderosos.
- Non, porque tiveron que compartir a súa autoridade cos señores feudais.
- Non, porque debían compartila co estamento relixioso.

d. **Como explotaban as súas terras os señores feudais?**

- En parte directamente e en parte vendíana.
- Unha parte explotábana directamente e outra cedíana aos campesiños a cambio do pago dunhas rendas.
- Preferían arrendalas a comerciantes para que lle pagaran altas rendas.

e. **Por que houbo diferenzas políticas entre os reinos cristiáns da Península Ibérica e o resto da Europa feudal?**

- Porque só os reinos cristiáns da Península Ibérica tiveron que loitar contra os viquingos que asolaban as costas.
- Por que os reis cristiáns expulsaron aos xudeus.
- Por que os reinos cristiáns iniciaron un proceso de conquista do territorio dominado

IES AS BIZOCAS		
4º ESO		SETEMBRO
PROBA DE AVALACIÓN INICIAL		
NOME	APELIDOS	Nº

1. Define os seguintes conceptos:

- Desenvolvemento sustentable.
- PIB
- Estado de Benestar.
- CECA
- Terciarización económica.
- FMI
- Estamento.
- Globalización.
- Barroco.
- Reforma.

2. Ordena cronoloxicamente. (sendo 1 o máis antigo e 8 o máis recente).

__ Paz de Westfalia; __ Paz de Augsburgo; __ Expulsión dos mouriscos; __ Revolta das Comunidades; __ Unión da Coroa de Castela e da Coroa de Aragón; __ Derrota da Armada Invencible; __ Conquista de Granada; __ Finaliza o Concilio de Trento.

3. Le o texto, ponlle un título e intenta resumilo en tres ou catro liñas.

Hai fatiga de ampliación na psique popular, segundo o último Eurobarómetro, que certifica que non chegan á metade, só o 48 %, os europeos que ven aspectos positivos na ampliación, fronte a un recalcitrante terzo (36 %) de negacionistas, incluídas sólidas maiorías de rexeitamento en países tan influentes como Francia e Alemaña. E tamén hai fatiga institucional porque a arquitectura do sistema necesita unha reforma que permita recibir novos socios.

Á incerteza institucional súmase a crise económica. Os antigos Quince non están agora para dispendio os 12 novos sostéñense a duras penas. Nos anos pasados, entre 2004 e 2008, a adhesión ofreceulle 1,75 % adicional de crecemento aos países da ampliación. Iso acabou por tempo indefinido, aínda que UE acudiu con 6.500 millóns de euros en socorro a Hungría e doutros catro países (Eslovenia, Eslovaquia, Chipre e Malta), que atoparon acubillo no euro.

El País, 5 de maio de 2009. Adaptado

5.

Observa o mapa de España, realiza as actividades e responde as cuestións. (3 p.)



• Como se organiza territorialmente o Estado español?

• Escribe no mapa o nome das Comunidades e Cidades Autónomas con bolígrafo negro e maiúsculas.

• Escribe no mapa o nome das capitais autonómicas con bolígrafo negro e minúsculas.

6. Escribe 7 países europeos, 5 africanos, 5 asiáticos e 5 americanos.

EUROPA	ÁFRICA	ASIA	AMÉRICA

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, (en base ao recollido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño) por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

En coherencia co anterior, o Departamento establece as medidas oportunas para os/as alumnos/as con **dificultades de aprendizaxas** poidan acceder a unha adaptación de instrumentos de avaliación, de ser o caso, con tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación; así como **actividades de reforzo**. A tipoloxía deste **tipo de actividades** é variada, fundamentalmente son cadros de dobre entrada, conceptos a relacionar, cuestionarios, completar cronoloxías e mapas, etc. Mención especial precisan o **alumnado con TDAH**, pola súa alta incidencia na vida escolar. Xunto coas medidas anteriormente citadas, buscarase a localización máis idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Por último e de ser necesario, elaborárase a **adaptación curricular** do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación.

13. CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Os elementos transversais que se decidiron tratar neste curso no centro foron os relativos aos DD.HH coa conmemoración do **Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos** (10 de decembro), o **Día Mundial do Medio Ambiente** (5 de xuño) e o **Día das Letras Galegas** (17 de maio). As tres efemérides están recollidas no calendario de conmemoracións deste curso escolar (ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia). Ademais, dentro do Plan Proxecta de Meteoescolas, se coordinarán unha serie de actividades cos distintos Departamentos didácticos como a celebración do **Día Mundial da Meteoroloxía (23 de marzo)**.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Neste curso o Departamento volve limitar a maioría das actividades complementarias e extraescolares a saídas na contorna a pé, a excepción dunha excursión a localidade de Tui, loxicamente o desenvolvemento desta última queda condicionada pola situación sanitaria do momento.

Nivel	Descrición da actividade	EA traballados	Avaliación	Tempo-ralización
2º ESO	Actividade de arqueoloxía no xacemento do <i>Adro Vello (O Grove)</i> .	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	PROCEDEMENTO Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO. Traballo de rúbrica: XH_R1_CSC_TG investigación do 1º trimestre e rúbrica:	2º trimestre
2º ESO	Posta en funcionamento de “ <i>Meteobizocas</i> ”.	XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	PROCEDEMENTO Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO. Caderno de clase	Todo o curso.
2º ESO/	Roteiro histórico pola localidade de	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	PROCEDEMENTO Análise das producións dos alumnos/as.	3º trimestre

	Tui.	XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	INSTRUMENTO. Traballo de rúbrica: XH_R1_CSC_TG investigación do 3º trimestre e rúbrica:	
4º ESO	Posta en funcionamento de “Meteobizocas”.	XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Caderno de clase.	Todo o curso.
4º ESO	Exposición e visita guiada do proxecto “A nosa Historia”	XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco. XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Rúbrica específicas para o proxecto.	2º e 3º trimestre

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN AOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A avaliación da programación didáctica é un dos **aspectos fundamentais do traballo docente**, xa que permite determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo do curso académico.

Co obxectivo de avaliar o cumprimento da programación da maneira máis efectiva posible, consideramos imprescindible abordar unha serie de **indicadores de logro** que teñan en conta como

mínimo os seguintes elementos: consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación / causas de non cumprimento, reflexión sobre as posíbeis situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora (ver táboa).

O **procedemento** empregado para levar a cabo esta avaliación será **mediante reunións departamentais** onde se fai unha análise dos resultados académicos de cada avaliación, da nosa propia práctica docente e do grado de cumprimento da programación (a partir dos indicadores anteriormente citados). As conclusións desta avaliación son recollidas nunha acta de reunión do departamento.

Os **instrumentos** empregados son os **indicadores de logro** que se recollen no apartado 8; o **diario de clase do profesorado do Departamento** e a seguinte táboa que permite recopilar a información máis significativa da avaliación da programación, así como as propostas de mellora.

	Puntos fortes da programación	Puntos fracos da programación	Aspectos a manter no próximo curso	Aspectos a mellorar no próximo curso
Desenvolvemento das unidades didácticas				
Desenvolvemento das actividades programadas				
Funcionamento das metodoloxías aplicadas				
Utilización de recursos e materiais didácticos				
Consecución dos estándares de aprendizaxe				
Funcionamento dos procedementos de avaliación				
Eficacia das medidas de recuperación				
Contribución ao desenvolvemento das				

competencias clave				
Participación en actividades extraescolares e complementarias				
Medidas de atención á diversidade				
Causas de non cumprimento da programación				
PROPOSTAS DE MELLORA:				

O Grove, 18 de setembro de 2022.

O profesorado do Departamento:

Iria Vaz Hervella

Patricia Prado Montes